



PLAN DIGITAL

[CPR Plurilingüe Artai]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Os principais datos do CPR Plurilingüe Artai son os seguintes:

Denominación do centro: CPR Plurilingüe Artai

Dirección: Estrada de Razo, km 1,200-1500-Carballo-A Coruña

Teléfono: 981703260

Fax: 981702435

Email: cpr.artai@edu.xunta.es

Páxina web: www.artai.org

Etapas educativas: Educación Infantil, Primaria e Secundaria

Número de alumnos: 345

Número de profesores: 26

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe Artai atópase no concello de Carballo (A Coruña) na estrada que comunica co areal de Razo, concretamente no punto quilométrico 1,200. Pese a súa localización xeográfica, fóra do centro urbano, o feito de ser o único centro concertado da concello fai que nas súas aulas se atopen alumnos de tódolos barrios da vila e doutras parroquias da cabeceira comarcal ,como poden ser Oza, Sofán, Bértoa...así como doutros concellos limítrofes, como poden ser o de Coristanco. A Laracha ou Malpica de Bergantiños. Aínda así, a maioría do seu alumnado procede das rúas próximas ó anterior emprazamento do centro, na rúa Álvarez de Sotomaior, si ben é certo que nos dezaste anos que van dende que se mudaron de sede (2003-2020) o número de alumnos doutras zonas de Carballo foise incrementando. Engadir a este datos a tradición e as características históricas deste centro que xa na década dos cincuenta era o lugar elixido por familias de todo Bergantiños para que os seus fillos estudasen por non existir aínda os centros públicos porque tanto o actual CEIP Fogar (anteriormente Francisco Franco) como o IES Alfredo Brañas non abren as súas portas ata o ano 1970.

O feito de que Carballo sexa a capital da comarca e o motor económico da mesma permite que a súa poboación vai en aumento (31.360 a 1 de xaneiro de 2022) o que repercute en que durante este anos o número de alumnos se manteña estable con números na súa matrícula moi semellantes ano tras ano, curso académico tras curso académico. A alta natalidade dentro do casco urbano e a chegada de poboación doutros concellos por motivos económicos permite que o centro siga mantendo a alta matrícula dun modo similar ós outros centros educativos. O número de familias que matriculan os seus fillos non baixou dende a inauguración do novo centro en abril de 2003.

O perfil de alumno do Centro Artai correspóndese a un fillo pertencente a clase media, asociado, na súa maioría, o sector terciario, contando cun número elevado de fillos de ex alumnos nas súas listas o que demostra a confianza no modelo educativo.

Moitas das familias atopan no centro educativo a posibilidade de que os seus fillos poidan estudar dende a etapa infantil ata a ESO o cal é un poderoso aliciente dadas as dificultades que existen noutros centros educativos de Carballo. O feito de ter comedor propio, servizo de transporte e un amplo número de actividades extraescolares tamén serve como atracción para os pais.

O Plan Dixital será incluído no PEC tras o seu paso polo Claustro de profesores e polo Consello Escolar.

1.3 Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa relacionada co Plan Dixital do noso centro aparece contemplada nestes apartados:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Dende que se recibiu a comunicación para a elaboración do Plan Dixital, tres foron os profesores encargados de dita tarefa, os tres que forman parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Cada unha das tarefas realizadas, como a análise da situación de partida, a activación e realización da enquisa SELFIE ou a realización do test CDD, seguía unha rutina de traballo. O Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuníase para ler e analizar a proposta e establecía unha división do traballo para a posterior posta e común e a redacción conxunta do obxectivo. Polo tanto, establecíanse dúas sesións en común, unha ó recibir a tarefa e outra nos días previos á entrega.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUTURA DIXITAL.

- Infraestrutura de datos.

O centro dispón de dúas conexións de datos: unha de fibra destinada a dar servizo as tarefas de alumnos e profesorado, outra de ADSL destinada os servizos de administración.

- Infraestrutura de voz.

Dispoñemos dunha liña de voz e fax.

- Conexións cableadas.

Existen conexións cableadas para os dispositivos de administración. O resto de conexións son inalámbricas.

EQUIPAMENTO.

- Aulas dixitalizadas.

Están dispoñibles 14 aulas con encerado dixital e conexión wifi.

- Postos/Equipos de traballo de xestión e administración do centro.

Para traballos de administración dispónse de 3 ordenadores con impresora.

- Equipos na biblioteca.

A biblioteca dispón dun ordenador con software de xestión para o control do inventario de libros, préstamos, etc.

- Equipos na sala de profesorado.

A sala de profesores dispón de conexión wifi.

- Equipos ultraportátiles para aula móbil.

Existen 4 ordenadores portátiles a disposición de profesores e alumnos.

- Aula de informática.

Equipada cun ordenador de sobremesa para uso do profesor e proxector dixital ademais de seis tablets e dous ordenadores para o uso do alumnos que non dispoñan de ordenador ou tablet.

- Laboratorio

Dispón de conexión wifi e encerado dixital

- Salón de actos e taller

Equipados con conexión wifi e encerado dixital

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS.

- Correo electrónico da Xunta. Todos os profesores dispoñen dunha conta.

- Espazo ABALAR. Emprégase para a comunicación dos resultados da avaliación aos pais así como para a comunicación de avisos tanto a nivel global do centro como a nivel particular de grupo.

- Aula Virtual. Está activada para a comunicación de información e contidos educativos aos alumnos e tamén para que estes poidan comunicar os seus traballos aos profesores.
- Sitio web do Centro (artai.org). O centro dispón dun sitio web no que se publica información relevante de interese para os pais, alumnos e profesorado.
- Revista dixital ÁRTICA. Na cal se publican traballos realizados por alumnos e profesores.

XESTIÓN DO MANTEMENTO.

- O mantemento de dispositivos e servizos dixitais é realizado por empresas externas e tamén polo departamento de informática do propio centro.

ENLACES A PROTOCOLOS DO CENTRO

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregamos como fonte a autoavaliación SELFIE realizada durante a primeira parte do curso 2021/2022, cos seguintes resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6	4,7			
	Profesorado	3,4	3,1			
	Alumnado	-	-			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3	4			
	Profesorado	2,7	3			
	Alumnado	3,3	2,6			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5	4,3			
	Profesorado	3,4	3			
	Alumnado	3,3	2,5			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	4,9			
	Profesorado	3	3			
	Alumnado	-	-			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4	4,5			
	Profesorado	3,3	3,9			
	Alumnado	-	3,8			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,8	4,7			
	Profesorado	3,3	3,6			
	Alumnado	3,2	2,7			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4	4,5			
	Profesorado	2,7	3,1			
	Alumnado	-	2,2			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1	4,3			
	Profesorado	2,9	2,9			
	Alumnado	3,5	2,9			

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	24	87,5%

PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	0	2	0%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFA	60,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	69,1	integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	98,8%	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,8%
A2	9	42,9 %
B1	5	23,8%
B2	3	14,3%
C1	3	14,3%
C2		
TOTAL	21	100,00%

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.Contamos con profesorado para resolver as incidencias técnicas. Así como para guiar no desenvolvemento destas competencias tanto ao profesorado como alumnado. 2.Existen suficientes dispositivos dixitais para a ensinanza principalmente na ESO.	1.Acceso a internet deficiente. 2. Tecnoloxías asistenciales. Non existe a tecnoloxía asistencial precisa.

PERSOAL DOCENTE	<p>1. Novas modalidades de ensinanza. Tras a pandemia todo o profesorado incrementou a súa capacidade para adaptarse a ensinanza presencial e mixta</p> <p>2. Emprego de recursos educativos en liña . Parte do profesorado, sobre todo na ESO utiliza recursos educativos en liña</p> <p>3. Creanse recursos dixitais para o cal se usa a web do centro e dentro da propia web cunha revista dixital onde se poñen eses recursos</p> <p>4. Recursos educativos abertos. Por parte do profesorado de ESO, sobre todo en actividades de gamificación</p> <p>5. Comunicación da comunidade educativa. Emprego do correo electrónico da Xunta para comunicacións internas oficiais.</p>	<p>1. Pouco tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino debido a carga horaria</p> <p>2. NON participación do profesorado en redes colaborativas profesionais.</p> <p>3. Hai profesores que participan en cursos de formación do CEFORE sobre novas modalidades de aprendizaxe pero non é a opción maioritaria.</p> <p>4. Non se emprega a metodoloxía baseada en proxectos interdisciplinares</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>1.Tratamento das licenzas e dos dereitos de autoría. Os alumnos de ESO, como mostraba a enquisa,coñecen o concepto das licenzas e dereitos de autoría.</p> <p>3. Política de protección de datos.</p> <p>4. Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. Cando se lle pide ao alumnado que teñen que usar os seus propios equipos, tanto en Primaria como na ESO, non dubidan en traer o material solicitado polo profesor.</p> <p>5-Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias. En moitas materias os alumnos, sobre todo na ESO, coñecen e dominan as habilidades dixitais suficientes para seguir as indicacións de xeito intuitivo.</p>	<p>1. Aprender a codificar en programar , Non hai a base necesaria para codificar e programar</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais. Uso da aula virtual do centro e unha revista dixital (Ártica) para a creación e publicación de recursos educativos.</p> <p>2. Uso activo e creativo de aulas virtuais. A aula virtual está activa e e ten definidas as materias dende a ESO. Os alumnos poden acceder ós apuntes, ver os vídeos, entregar traballos e incluso comunicarse co profesor mediante a aula virtual</p>	<p>1. .Existencia dunha estratexia dixital. Estase nesa liña de traballo pero aínda nun nivel moi baixo.</p> <p>2. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. Existe comunicación pero non todo o fluída que debería ser.</p> <p>3.Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos. Si que se manteñen relacións con outros centros da contorna pero tamén moi reducida.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.Estabilidade laboral do persoal docente. Moi clara na ESO (todos os profesores levan máis de dez anos no centro) e menos clara en Primaria por coincidir coa xubilación de parte do profesorado.</p> <p>2.Estabilidade laboral do persoal non docente. Igual que a o profesorado, estable dende fai moitos anos.</p>	<p>1.Achegas económicas que recibe o centro. As concedidas pola administración autonómica dado o seu carácter de centro concertado</p> <p>2.Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.</p> <p>3.Actuacións da administración educativa.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1.Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.</p> <p>2.Tratamento das licenzas e dereitos de autoría. O persoal docente é consciente dos dereitos de autoría cando elabora actividades para os alumnos</p> <p>3.Política de protección de datos.</p>	<p>1.Lexislación educativa. Moi complexa, moi cambiante e sometida a constantes cambios por parte das distintas administracións.</p>
	CONTORNA	<p>1.Condicións socioeconómicas da contorna. Moi positivas, tanto a nivel municipal, como comarcal</p> <p>2.Participación das familias. Sempre interesadas na participación e na colaboración co centro pese a que non haxa ANPA</p> <p>3.Aceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. Moita facilidade de acceso. No ano da pandemia non houbo ningún alumno con dificultade para seguir a ensinanza virtual e esa constante mantense na actualidade.</p>	<p>1.Relación con persoas que non forman parte da comunidade</p>
	ANPA		<p>1.Relación coa/a ANPA/s. Non existe ANPA no centro dende fai máis de dez anos</p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. Colaborase en momentos puntuais con actividades do Concello, para asistir a exposicións, obras de teatro,...</p>	<p>1.Existencia de proxectos externos. Non</p>

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Dentro do Plan de Acción os profesores encargados da elaboración do Plan Dixital tiveron en en conta todas as tarefas realizadas con anterioridade e especialmente, a situación de partida

a partir dos datos da enquisa, para ter o coñecemento real dos alumnos e profesores do centro.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para marcar os obxectivos, indicadores e accións do Plan Dixital, tivemos en conta todos os datos recollidos nas tarefas realizadas. Tras a equisa inicial, moi importante na elaboración desta tres directrices foi a lectura e estudio da tarefa da DAFO. Partindo deses datos, establecéronse os obxectivos para o curso 2022/2023.



Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: F. Pedagogía: Implementación na Aula (F3,F5)						
OBXECTIVO 1: (1)	Empregar a revista dixital do centro ÁRTICA por parte do profesorado e alumnado				Acadado	
Responsable:	Coordinador do Plan Dixital				Non	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Publicación de traballos dos alumnos e dos profesores a través da revista dixital do centro ÁRTICA					
Valor de partida: (3)	Partimos coa publicación dalgúns artigos por parte de tres profesores					
Valor previsto e data: (4)	Cada materia de Educación Secundaria terá que ter publicado polo menos tres traballos No caso de Educación Infantil e Primaria o número será de 1.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión dos profesores no claustro de inicio de curso para explicar o funcionamento da plataforma de publicación na revista dixital ÁRTICA.	Coordinador do plan dixital	10/09/2022	Plataforma de publicación ÁRTICA. Ordenadores/tablets. Folla de recollida de datos. Folla de rexistro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Publicación do primeiro traballo por cada materia	Administrador da Aula Virtual	17/11/2022	Plataforma de publicación ÁRTICA. Ordenadores/tablets. Folla de recollida de datos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Recollida da información e dos artigos publicados en	Administrador da Aula Virtual	20/06/2023	Revista dixital ÁRTICA.		Realizada	
					Aprazada	



cada unha das materias.					Pendente
-------------------------	--	--	--	--	----------

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A.Liderado (A2)						
OBXECTIVO 2: (1)	Comunicar externamente cos pais/nais/titores dos alumnos por parte do titor empregando Abalar				Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de comunicacións realizadas polos titores por medio de Abalar					
Valor de partida: (3)	0 comunicacións					
Valor previsto e data: (4)	O 70% dos titores realizan 10 avisos por medio de Abalar			26/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Reunión cos profesores no mes de setembro para explicar o uso da aplicación e solucionar posibles dúbidas	Directora do Centro	20/09/2022	Aplicación Abalar Aula virtual Manual de usuario Folla de rexistro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Valoración do traballo realizado durante o primeiro mes e posibles dificultades vistas nese período.	Xefa de Estudos	20/10/2022	Aplicación Abalar Aula virtual Manual de usuario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



AO2.3:Análise dos datos recadados durante o curso por cada un dos profesores do claustro.	Coordinador Plan Dixital	26/06/2023	Aplicación Abalar Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoios e Recursos (E4)							
OBXECTIVO 3: (1)	Empregar como forma de comunicación interna a conta de correo da Xunta (edu.xunta.gal)					Acadado	
Responsable:	Coordinador do Plan Dixital					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de correo electrónico enviados polo profesorado cuantificarase cada trimestre de forma numérica.						
Valor de partida: (3)	0						
Valor previsto e data: (4)	60 correos electrónicos enviados por cada docente ao trimestre				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1:Reunión dos profesores no claustro de inicio de curso para explicar a primeira acción do Plan Dixital para o uso da	Xefa de Estudios	1/09/2022	Achegas de ideas dos asistentes Aula virtual Correo da Xunta		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2:Recompilación dos datos por parte do responsable ó remate de cada un dos trimestres	Coordinador do Plan Dixital	20/09/2022 20/03/2023 21/06/2023	Folla de recollida de datos Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3:Análise dos datos recadados durante o curso por	Coordinador do Plan Dixital	30/06/2023	Folla de recollida de datos Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		



cada un dos profesores do					Pendente
---------------------------	--	--	--	--	----------

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoios e Recursos (E2, E3)						
OBXECTIVO 4: (1)	Diseñar actividades para o entorno dixital por parte do profesorado do terceiro ciclo de primaria e da ESO				Acadado	
Responsable:	Administrador da Aula Virtual				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de actividades para a aula virtual.					
Valor de partida: (3)	Partimos ce que algúns docentes xa realizan actividades.					
Valor previsto e data: (4)	O 80% do profesorado terá que ter ter deseñada unha tarefa			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Deseño e organización dos cursos na aula virtual	Administrador da Aula Virtual	8/09/2022	Aula Virtual Manual de funcionamento			
AO4.2: Explicación dos obxectivos propostos durante o curso e planificación dun cronograma para a elaboración das tarefas na aula virtual	Directora do Centro	19/09/2022	Aula virtual Manual de funcionamento Folla de recollida de datos Ordenadores/tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



AO4.3: Formación do profesorado para o manexo da aula virtual e para a creación das tarefas	Administrador da Aula Virtual	14/10/2022	Aula virtual Manual de funcionamento Folla de recollida de datos Ordenadores/tablets		Realizada	
					Aprazada	
AO4.4: Deseño das tarefas para a aula virtual	Administrador da Aula Virtual	Novembro- Decembro 2022	Aula virtual Manual de funcionamento Folla de recollida de datos Ordenadores/tablets			
AO4.5: Recollida da información e das tarefas realizadas en cada una das materias	Coordinador da Aula Virtual	20/06/2023	Folla de rexistro Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A.Liderado (A3)							
OBXECTIVO 5: (1)	Entregar actividades a través da aula virtual, fomentando unha nova forma de ensino					Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Dixital					Non	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	% de alumnos que fan a entrega das actividades sinaladas en cada materia durante o curso						
Valor de partida: (3)	Partimos de cero aínda que hai materias que xa levan anos empregando a aula virtual						
Valor previsto e data: (4)	O 80% do alumnado de ESO fai entrega das tarefas marcadas polos profesores.				23 /06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							



DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1:Explicación do desenvolvemento do traballo na aula virtual en cada aula	Administrador da Aula Virtual	6/09/2022	Aula virtual Manual de funcionamento Folla de recollida de datos Ordenadores/tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Explicación dos obxectivos propostos durante o curso e planificación dun cronograma para a elaboración das tarefas na aula virtual	Titores	4/10/2022	Aula virtual Manual de funcionamento Folla de recollida de datos Ordenadores/tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3:Recollida da información e das tarefas realizadas en cada una das materias	Coordinador Aula Virtual	23/06/2023	Folla de rexistro Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Consideramos necesario mellorar a conexión wifi para dispor dun acceso máis fluído e estable en todas as localizacións.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

- No referido a avaliación procesual do plan, establecerase unha reunión con carácter trimestral na que se analizarán os resultados obtidos nos distintos obxectivos en cada trimestre. O coordinador do plan dixital será o encargado da recollida dos datos con fin de analizar ditos resultados. En función de dita valoración, é dicir, si cumpren os obxectivos marcados ou non, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital marcará as posibilidades de variar algunhas das accións e tamén as posibles melloras dos obxectivos marcados.

- Respecto a avaliación final, rematado o curso escolar, no mes de xuño, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital analizará o conxunto dos datos e a consecución ou non dos obxectivos marcados no plan dixital. Tamén establecerá, si é necesario, as posibles melloras do plan para o vindeiro curso escolar

4.2 Propostas de mellora (revisión)

As propostas de mellora serán recollidas na memoria do curso 2022/2023 tendo en conta os indicadores de logro de cada obxectivo así como a recollida de información do centro en materia tecnolóxica e dixital.

5. Difusión do plan

Para a difusión do Plan Dixital entre o profesorado, mandáranse correos electrónicos durante o mes de xuño para que todos saiban que durante o curso 2022/2023 se aplicarán os obxectivos marcados. Ademais dos correos electrónicos que se enviarán a través do correo da Xunta, tamén se realizará unha reunión o 28 de xuño para marcar as directrices que se seguirán o curso que vén. Así mesmo, antes do comezo do curso 2022/2023 terase un claustro onde xa se definirán os obxectivos de forma clara e os prazos de cada un dos obxectivos marcados. Toda a información relativa ó Plan Dixital estará na web do centro no apartado profesores e tamén na aula virtual.

No referido ó alumnado, no mes de setembro do curso 2022/2023, nas sesións de titoría se lle explicará todo o relacionado co plan dixital e tamén

poderán acceder á información a través da web do colexio no apartado de alumnos e da aula virtual.

No caso das familias, terán acceso a toda a información a través da web do centro no apartado de familias e toda a información puntual relativa ó Plan Dixital comunicarase por Abalar.